



O voceiro/concelleiro do Partido Popular, D. Manuel González López, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados coa usurpación de vivendas. Esta actividade delictiva non só a sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada, senón tamén os restantes veciños que residen nos inmobles onde se producen estas ocupacións ilegais de vivendas.

Actualmente, estes feitos delictivos provocan que o propietario do inmueble ocupado teña que iniciar un longo e penoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes.

É evidente que o noso ordenamento xurídico precisa unha adaptación que habilite ás Forzas e Corpos de Seguridade e aos Tribunais de Xustiza a adopción de medidas áxiles e eficaces para facer fronte á problemática da ocupación ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Aínda que a Fiscalía ten manifestado que é posible a adopción de medidas cautelares ao amparo do artigo 13, 544 bis e ter da Lecrim que restitúan o inmueble ao seu lexítimo titular, o certo é que nos Xulgados obsérvase unha diversidade de criterios á hora de adoptar estas medidas cautelares, polo que debe valorarse a posibilidade de promover unha reforma lexislativa que permita de forma expresa a adopción desta medida cautelar restituíndo o inmueble ao seu lexítimo titular, utilizando procedementos como os dos xuízos rápidos.

Nesa mesma liña, o Defensor del Pueblo nunha recente Recomendación, do 20-04-2017 diríxese ao Ministerio de Justicia para *“prever los cauces adecuados para la adopción de medidas de*



carácter cautelar que sustituyan al titular del inmueble la posesión y disfrute urgente del mismo, mediante la tramitación de un procedimiento judicial rápido”

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello Cabanas eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. O pleno do Concello de Cabanas manifesta o seu rexeitamento e condena as ocupacións ilegais de inmobles e insta á policía local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada.

2. O pleno do Concello de Cabanas insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A potenciación lexislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuízamento criminal.

c) As modificacións lexislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.

3. O pleno do Concello de Cabanas insta á Xunta de Galicia á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuízamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

4. O pleno do Concello de Cabanas insta ao goberno municipal a arbitrar, naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.